



# JSON con datos dez-minutais das estacións océano-meteorolóxicas de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para obter os datos dez-minutais máis recentes da rede das estacións océano-meteorolóxicas de MeteoGalicia a través da ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action>

Por mor do volume de datos, só será posible consultar os datos dez-minutais das últimas 72 horas.

Para ver máis información sobre a rede de estacións océano-meteorolóxicas, consulte a páxina web:

<http://www2.meteogalicia.gal/galego/observacion/plataformas/plataformas.asp>

## 1 Introducción formato JSON

O formato JSON <sup>1</sup>(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

## 2 Estrutura do arquivo JSON

O esquema concreto deste arquivo é o seguinte:

```
{“listDatos10min”:[  
  {“idEstacion”:#texto”, “nomeEstacion”:#texto”, “nomeReducido”:#texto”, “listaInstantes”:  
    [{"instanteLecturaUTC": "#data", "listaMedidas":  
      [{"codigoParametro": "#texto", "idParametro": #numero, "nomeParametro": "#texto",  
        "unidade": "#texto", "valor": #numero},  
        {"codigoParametro": "#texto", "idParametro": #numero, "nomeParametro": "#texto",  
        "unidade": "#texto", "valor": #numero},  
        ...  
      ]},  
    {"instanteLecturaUTC": "#data", "listaMedidas":  
      [{"codigoParametro": "#texto", "idParametro": #numero, "nomeParametro": "#texto",  
        "unidade": "#texto", "valor": #numero},  
        {"codigoParametro": "#texto", "idParametro": #numero, "nomeParametro": "#texto",  
        "unidade": "#texto", "valor": #numero},  
        ...  
      ]},  
    ...  
  ]},  
  ...  
}
```

<sup>1</sup> Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



```

    },
    {"idEstacion": "#texto", "nomeEstacion": "#texto", "nomeReducido": "#texto", "listaInstantes":
      [{"instanteLecturaUTC": "#data", "listaMedidas":
        [{"codigoParametro": "#texto", "idParametro": "#numero", "nomeParametro": "#texto",
          "unidade": "#texto", "valor": "#numero"},
         {"codigoParametro": "#texto", "idParametro": "#numero", "nomeParametro": "#texto",
          "unidade": "#texto", "valor": "#numero"},
          ...
        ]},
      {"instanteLecturaUTC": "#data", "listaMedidas":
        [{"codigoParametro": "#texto", "idParametro": "#numero", "nomeParametro": "#texto",
          "unidade": "#texto", "valor": "#numero"},
         {"codigoParametro": "#texto", "idParametro": "#numero", "nomeParametro": "#texto",
          "unidade": "#texto", "valor": "#numero"},
          ...
        ]},
      ...
    ]},
  },
  ...
}

```

Unha descrición máis polo miúdo do contido do arquivo sería a seguinte:

Este arquivo está formado por un único par de nome *listDatos10min* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada unha das estacións e aporta información sobre os datos dez-minutais consultados. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

**nomeEstacion:** nome da estación.

**nomeReducido:** nome corto da estación.

**idEstacion:** identificador numérico único da estación.

**listaInstantes:** lista coa información de cada un dos instantes dez-minutais consultados. Cada un destes instantes está formado polos seguintes elementos:

**instanteLecturaUTC:** data e hora UTC da lectura mostrada.

**listaMedidas:** lista de cada unha das medidas recollidas para a estación no instante definido no elemento *instanteLecturaUTC*. Cada unha destas medidas está formada polos seguintes par/valor:

**idParametro:** identificador único de cada medida, común a todas as estacións.

**nomeParametro:** descrición do parámetro.

**codigoParametro:** nome reducido do parámetro.



**unidade:** unidade na que se tomou a medida.

**valor:** valor numérico da medida.

### 3 Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros), este servizo devolve a información dos datos dez-minutais da última hora para todas as estacións océano-meteorolóxicas de MeteoGalicia en servizo.

Ademais, admite parámetros que permiten acotar os resultados obtidos en función das necesidades do usuario. Os parámetros admitidos son os seguintes:

- **Parámetro numHoras**

Para consultar a información dun período máis amplo que a hora que ofrece por defecto o servizo, pode utilizar o parámetro *numHoras*, que representa o número de horas pasadas (a contar desde a actual) que desexa consultar, ata un máximo de 72 horas. Teña en conta que, aínda que o servizo o permite, o volume de datos dez-minutais que devolva esta petición pode ser moi grande. Aconsellamos combinar este parámetro con algún dos que se describen a continuación para acotar o número de resultados devoltos.

**Exemplos:**

Para obter todo os datos dez-minutais da rede das últimas dúas horas, sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?numHoras=2>

- **Parámetro idEst**

Para consultar a información dunha ou varias estacións concretas, pode utilizar o parámetro *idEst*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores das estacións que desexe consultar. Se son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todas as estacións meteorolóxicas en servizo de MeteoGalicia pode obtelas do seguinte servizo JSON:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/listaPlataformas.action>

Para máis información sobre este servizo, pode consultar o seguinte documento:

[http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON\\_listaPlataformas\\_gl.pdf](http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON_listaPlataformas_gl.pdf)

**Exemplos:**

Por exemplo, a plataforma de Cortegada ten o identificador numérico 15001, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?idEst=15001>

No caso de varios identificadores a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?idEst=15001,15100>



- **Parámetro idParam**

Para consultar a información dun ou varios parámetros concretos, pode utilizar o parámetro *idParam*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores dos parámetros que desexe consultar. Se son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

**Exemplos:**

Por exemplo, a tensión da batería ten o identificador de parámetro *10008*, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?idParam=10008>

No caso de varios identificadores, a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?idParam=10008,81>

- **Combinación dos parámetros idEst e idParam. Exemplo:**

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?idParam=10008,81&idEst=15005>

- **Combinación dos parámetro idEst e numHoras. Exemplo:**

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?numHoras=5&idEst=15005>

- **Combinación dos tres parámetros admitidos. Exemplo:**

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/10minBateriaPlataformas.action?numHoras=5&idEst=15005&idParam=10008>